



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, vén de presentar no Consello da Xunta desta mañá a iniciativa **“Captación de Investimentos 4.0”**, que persegue atraer cara Galicia grandes proxectos de desenvolvemento industrial desenvolvidos por grandes empresas tractoras no período 2016-2020 co obxectivo de crear emprego cualificado e acadar un forte impacto socioeconómico.

Co obxecto de coñecer se existen grandes empresas interesadas en participar, abrirase un **proceso de consultas ao mercado** para recabar as mostras de expresión de interese e, en caso de recabar propostas de calado nesta primeira fase, habilitaránse convocatorias en concorrencia competitiva.

A invitación estará aberta durante o período 2016-2020 e diríxese a **grandes empresas** interesadas en realizar os seus proxectos e explotar os resultados dos mesmos en Galicia. A Xunta de Galicia poderá subvencionar os proxectos seleccionados con **subvencións a fondo perdido** que sufraguen entre o **25 e o 40% do custo do proxecto tecnolóxico**, coa obrigatoriedade de que a empresa subcontrate os servizos de centros de coñecemento galegos.

As propostas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Tratarse de actuacións relacionadas coa **“Fábrica do futuro”**, **“Fábrica Intelixente”** e da **“Industria 4.0.”** aplicables a novos produtos ou novos procesos.
2. Ser un proxecto de **desenvolvemento experimental** entendendo por tal concepto a definición contida no artigo 2 do Regulamento (UE) nº 651/2014.

3. Ter un orzamento financiable mínimo de 50.000.000€.
4. Comprometerse a **explotar os resultados do proxecto en Galicia.**
5. Tratarse dunha **gran empresa** entendéndose por tal toda empresa que non cumpre cos requisitos para ser considerada como PEME nos termos establecidos no Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

Para máis información sobre a iniciativa, podes pinchar na seguinte **ligazón**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.